- Asentamentos e actividades da contorna.
- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Planificación da acción en producións plásticas.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía é o que nos define como mestres e mestras. Ibáñez Sandín di que "non se trata de que na educación infantil funcionen ao mesmo tempo varias metodoloxías, trátase dunha soa, da metodoloxía da educación infantil" na que se parte dos intereses, descubrimentos e motivacións que trae o alumnado á escola. Unha metodoloxía coa que xogamos a pensar pero tamén a escoitar o corazón, coa que se desenvolva a nosa imaxinación e creatividade. Unha metodoloxía que non entende de receitas prescriptivas, senón que se vai a adaptar á individualidade de cada grupo. A pesar de que esta metodoloxía será flexible en función do alumnado, das características do contexto sociocultural e do momento concreto no que nos atopemos, é necesario deixar explícitos os principios que van a guiar e enmarcar a nosa acción pedagóxica. Para abordalos, debemos ter en conta as orientacións pedagóxicas que establece para cada unha das áreas o D. 105/2022 polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na CA de Galicia, nas que se atopan reflexados os principios pedagóxicos establecidos polos autores do movemento de renovación pedagóxica da Escola Nova, que enriqueceron considerablemente as prácticas educativas nesta etapa:

Coidarase o ambiente de aprendizaxe, coidando dos espazos, dos materiais e dos tempos. En canto aos espazos, a aula está formada por recunchos de aprendizaxe que funcionan de forma dirixida con propostas de aprendizaxe simultáneas, así como de forma libre, xogo libre, manipulación de materiais... en función no momento da xornada escolar no que nos atopemos. Para a distribución do tempo, este se organizará en base a unha perspectiva globalizada, establecendo momentos específicos de propostas, xogo e descanso, tendo en conta a importancia que adquiren as rutinas nesta etapa educativa.

Empregarase a aprendizaxe baseada en proxectos de Dewey, por ser un método respectuoso co enfoque globalizador, coa diversidade e que favorece o desenvolvemento das competencias, aportando ao alumnado experiencias relacionadas coa súa contorna e os seus intereses, nas que poidan tomar decisións, facerse preguntas, buscar respostas, dialogar e intercambiar opinións e ideas.

A aprendizaxe baseada no pensamento de Robert Swartz, de maneira que se formen persoas cuestionadoras, que den espazo ao seu pensamento e desenvolvan pouco a pouco a súa metacognición, a través dos mapas mentales,

das rutinas de pensamento...

Levaranse a cabo obradoiros, destacando a Freinet como autor deste tipo de metodoloxía. Ditos obradoiros serán levados a cabo en gran grupo e moitos deles en colaboración coas familias.

As instalacións e provocacións, espazos que invitan á libre experimentación a través dun ambiente e uns materiais específicos no que se invita ao alumnado a interactuar e experimentar e a xogar espontaneamente.

Estableceranse diferentes tipos de agrupamentos, fomentando a socialización de Vygotsky, macrogrupo (xornadas con todo o cole ou con todos os cursos de infantil), gran grupo, pequenos grupos estables para traballar nas distintas propostas semanais (que poderán ser cambiados trimestralmente), desenvolvendo así unha aprendizaxe cooperativa, e tamén actividades individuais, empregadas en tarefas específicas nas que se requira unha maior interacción docente - alumado.

A educación emocional como eixe transversal, traballando a empatía, a identificación de sentimentos, emocións...

Terán protagonismo na aula as prácticas restaurativas para a solución de conflitos e para crear sentimento de cohesión de grupo a través de círculos restaurativos.

O papel do mestre será un guía, orientador das aprendizaxes primando a valoración positiva as interaccións, a aprendizaxe significativa e a creatividade.

O papel do alumnado/ principio de actividade serán activos sendo os protagonistas da aprendizaxe, fomentando a autonomía a través de responsabilidades.

En canto á apertura ao contorno/principio de interacción co medio de Vigotsky levarase a cabo unha relación de colaboración e coordinación entre o equipo docente, as familias e a contorna. Para pór en practica este principio aproveitarase o potencial educativo que ofrecen as saídas, as visitas e todo o que a contorna máis próxima nos ofrece.

Ademais destes principios metodolóxicos, a continuación recóllense outros principios de gran relevancia na práctica educativa.

- Principio do desenvolvemento psicomadurativo de Piaget, que me vai permitir adecuar os contidos ao estadio evolutivo dos meus alumnos.

- Principio de individualización, onde se terá en conta que cada neno e cada nena é un ser diferente, que cada un aprende de diferente forma, a diferentes ritmos, polo que todas as actividades e tarefas serán variadas e axustadas aos diferentes ritmos e estilos cognitivos.

- Principio de aprendizaxe significativa de Ausubel. Partirase dos coñecementos previos do alumnado, conectarase cos seus intereses e necesidades proponzendo actividades, tarefas e propostas atractivas e motivadoras para eles e elas. Aprender de forma significativa permitirá aplicar o aprendido en diversas situacións e contextos, acercándose á competencia de aprender a aprender.

-Principio de seguridade e confianza onde se creará un ambiente acolledor e seguro que estimule as relacións interpersoais e contribúan a creación dunha autoimaxe positiva.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais naturais, próximos á nosa contorna.: pedras, paus, follas, area, terra, cunchas... que nos servirán para clasificalos, para conteo, artes plásticas...
Material funxible: cartolinas, ceras, rotuladores, punzóns, tesoiras.... que permitan ao neno/a aprender, actuar, plasmar.....
Materiais de refugallo: concienciando ao alumnado da importancia da reciclaxe podendo usar diversos materiais para outro tipos de actividades. Por exemplo o uso de cartóns para facer arquitecturas, botes de vidro para facer pócemas, roupas ou teas para traballar o arte téxtil...

<p><b>Materiais sensoriais:</b> para traballar a impulsividade, a relaxación.. botellas da calma, masaxeadores, bolas de espello, paus de choiva... Ademais temos a sorte de contar no centro cunha aula multisensorial, un espazo moi importante para traballar diversas emocións e sensacións.</p>
<p><b>Materiais audiovisuais:</b> Videos, cantigas, ordenador, cámara de fotos, pizarra dixital.... relacionandoo co proxecto que traballamos durante o curso.</p>
<p><b>Biblioteca de aula:</b> Contos diversos para traballar a calma, fomentar a lectura....</p>
<p><b>Biblioteca creativa:</b> Un espazo creativo que conta cunha gran biblioteca escolar diferenciada por espazos e un recanto fedelleiro onde se poden atopar robots, croma, lego maker, tablets, crícut.....</p>
<p><b>Materiais da vida práctica:</b> vasos, platos, panos, xarras, basoira e recolledor... onde se podan facer transvasos, comer, beber, limpar</p>
<p><b>Materiais do xogo simbólico:</b> construcións, camións, animais, cociña... onde o alumnado desenvolva a súa creatividade e xogue de xeito simbólico....</p>
<p><b>Materiais de lóxica-matemática:</b> números, símbolos, dados, pedriñas, regletas.... para poder contar, clasificar, agrupar....</p>
<p><b>Materiais de lectoescritura:</b> imaxes, letras de lixa, letras de madeira... que aproxime ao alumnado á lectoescritura.</p>
<p><b>Plantas:</b> a aula está ambientada con plantas diferente follas, tamaño, cor... aprendendo a coidala, regala, necesidade de luz solar....</p>
<p><b>Material curricular:</b> normativas aplicables á etapa de infantil.</p>

En canto aos recursos didácticos, son calquera medio material, conceptual, espacial, ou humano que usa o profesorado para facilitar o proceso ensino-aprendizaxe. Os recursos que se empregarán son recursos motivadores, variados e diversos, adaptados ás idades dos nenos e nenas e cumpriran as normas básicas de seguridade e hixiene e seguridade, destacando os seguintes:

O xogo, é un recurso fundamental nesta etapa a través do cal o neno/a descobre, manipula, relaciona e coñece, polo que se propiciarán momentos de xogo ao longo do ano e da xornada escolar, tanto libre coma dirixido, favorecendo así a autonomía. O xogo reúne un triplo carácter: como obxectivo, para ensinar a xogar, como contido, xa que o alumnado aprende xogando e como recurso metodolóxico, porque a través del trabállanse as diversas áreas do currículo. As actividades tanto das unidades didácticas como dos proxectos, obradoiros, etc. serán lúdicas seguindo a autores como a Fröebel, Vigostky, Piaget.. e tamén tendo en conta a o D.105/2022 que establece nos seus principios pedagóxicos que a práctica educativa basearase nas experiencias de aprendizaxe significativas e emocionalmente positivas, en na experimentación e no xogo.

**Recursos materiais:** cabe diferenciar entre: material funxible, de refugallo, tendo en conta as irmáns Rosa e Carolina Agazzi, materiais de exploración, materiais creados por nós. Aproveitaranse todos os materiais utilizados para a elaboración de diferentes recursos que nos van permitir unha mellor aprendizaxe construtiva, por exemplo contos, libros de imaxes, etc. Un recurso material que cobra relevancia nesta programación é o conto como elemento motivador, tal e como di Gianni Rodari ten un gran valor pedagóxico xa que espertan a imaxinación, a creatividade, estimulan a memoria, transmiten valores, permiten ensinar coñecementos novos, vocabulario... fomentan a curiosidade, interese, a necesidade de expresión e comunicación, así coma os hábitos de atención e orde, e o lado sensible e crítico das cousas, ademais de ser un medio de descarga de ansiedade e agresividade. Os materiais naturais que nos aporta o noso contorno son os materiais máis destacables nas actividades diarias, xa que permiten traballar moitos aspectos partindo de materiais coñecidos para os nenos e nenas, que eles/as mesmos poden recolectar.

**Recursos tecnolóxicos :** a singularidade de que o centro se atope situado nun entorno rural fai que o uso das tecnoloxías de información e comunicación non figuren tan estendidas como nos ámbitos urbanos. Polo tanto na aula empregárase a PDI, tablets ou robots, entre outros, con fins educativos, e coma un medio para conseguir os nosos obxectivos.

**Recursos naturais:** partindo sempre do contorno máis próximo e coñecido para o alumnado, o xardín, a horta, o parque, pedras, terra, area.

**Recursos humanos:** persoal docente, familias e colaboradores, dándolle especial relevancia á educación compartida coas familias (para establecer criterios comúns e pautas homoxéneas), co profesorado e con outras institucións tal e como se recolle no RD 1630/2006 e na Orde do 22 de xullo de 1997 que establece o ROC, determinando canles de participación das familias e do mestre e pensando na gran importancia que ten a súa colaboración mutua. A relacións coas familias levaranse a cabo tanto de xeito formal (entrevistas individuais para obter información, reunións grupais, titorías) como informal (contacto diario, saídas, festas, obradoiros) tal e como se recolle no proxecto educativo e no Plan de acción tutorial. Ademais as familias participan no proceso educativo de xeito institucional a través do consello

escolar e da ANPA. En canto á coordinación co resto do profesorado, terase un contacto habitual co profesorado especialista, co profesorado de apoio e reforzo, así como cas demais compañeiras do ciclo, traballando de maneira conxunta.

### **5.1. Procedemento para a avaliación inicial**

Tendo en conta a Orde do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o D. 150/2022 polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil en Galicia, a avaliación inicial desta etapa educativa realizarase en consonancia co que establece a Orde do 8 de setembro que desenvolve o D. 229/2011 de atención á diversidade en Galicia.

A avaliación inicial constitúe un factor preventivo na atención á diversidade e será un referente á hora de adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan. A avaliación inicial ofrécenos a posibilidade de coñecer cales son as capacidades e características iniciais que teñen cada un dos nenos e nenas nos diferentes ámbitos do desenvolvemento, así como o nivel, características e necesidades do grupo no seu conxunto. Polo tanto, será entendida como un proceso que leva implícitos unha serie de acordos para a posterior planificación do proceso educativo e levarase a cabo durante as primeiras semanas de curso.

Esta avaliación levarase a cabo a través de:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.
- Análise das producións plásticas, escritas, musicais, etc., realizadas polo alumnado.
- Información aportada polas familias ou títos legais na entrevista inicial.
- Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e dificultades de cada alumna e alumno.

### **5.2. Criterios de cualificación e recuperación**

#### **Criterios de cualificación:**

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución dos criterios para cada unidade segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación:

Sen dificultade

En proceso

Con dificultade

De maneira que, o alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de consecución observado polo equipo docente.

#### **Criterios de recuperación:**

NON PROCESA NESTA ETAPA

### **6. Medidas de atención á diversidade**

Enténdese a atención a diversidade como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, necesidades, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa e deben concretarse en propostas curriculares e organizativas que teñan en conta á pluralidade de todas e cada unha das alumnas e alumnos do grupo, garantizando a inclusión de todo o alumnado. Para abordar esta atención á diversidade é necesario ter en conta a Orden do 8 de setembro do 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro polo cal se regula a atención á diversidade na Comunidade Autónoma de Galicia.

Dende esta perspectiva, a diversidade é unha realidade social, e por tanto, a atención a diversidade, deixa de ser

unha medida que responde ás necesidades duns poucos, para pasar a ser unha necesidade de todo o alumnado; necesidade derivada da singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural de cada alumna e cada alumno, da singularidade de cada familia e de cada un dos mestres, tamén das particularidades de cada centro e de cada comunidade educativa no seu conxunto.

A intervención educativa basearase nun enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais e as familias, e terá como finalidade ofrecer os medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, asegurando os recursos necesarios para que o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria poida conseguir o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades e o seu potencial de aprendizaxe, facilitándolles a adquisición das competencias e a consecución dos obxectivos establecidos con carácter xeral para todas as alumnas e alumnos.

Así, adoptaranse unha serie de medidas tanto ordinarias como extraordinarias para dar resposta ás necesidades do alumnado NEAE.

Entre as medidas ordinarias destacan:

Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.

Adecuación das programacións didácticas ás características do alumnado.

Priorizaranse as metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión, favoreza a individualización do ensino e o desenvolvemento de estratexias cooperativas e de axuda entre iguais.

Empregarase o DUA (Deseño Universal de Aprendizaxe) favorecendo o acceso, a presenza e a participación de todo o alumnado, proporcionándolles diferentes formas de expresión, representación e implicación.

Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.

Reforzo educativo e apoio do profesorado especialista con disponibilidad horaria.

Descomposición de tarefas en pequenos pasos con apoio visual.

Apoio visual permanente e coherente, empregando sempre o mesmo sistema pictográfico.

Empregar paneis de anticipación que permitan secuenciar ás actividades que se desenvolverán durante a xornada escolar.

Establecemento de grupos cooperativos/colaborativos estables trimestralmente.

Utilización de pautas comúns con todos os profesionais que atenden ao alumnado (mestra, familia, profesorado especialista e de apoio...)

Empregar estratexias como as autoinstrucións dirixidas.

Actividades que fomenten a autoestima, o autoconñecemento e promovan a participación deste alumnado.

En canto ás medidas extraordinarias, destacan:

Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.

Flexibilización do periodo de escolarización.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Educación para a saúde. Educación para a saúde, donde se adquiran hábitos dde hixiene física, mental e social que desenvolvan a autoestima e melloren a calidade de vida.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos.	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.3 - Educación ambiental. O alumnado debe comprender as relacións co medio no que vivimos e que nos rodea, coñecer os problemas ambientais e intentar buscarlle solucións e levalas a cabo. Mellorar a nosa contorna a través da plantación, limpeza e recreación paisaxística.	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación moral e para a paz. Transmitíranse e fomentáranse diversos valores como a xustiza, a democracia, tolerancia, respecto, convivencia, cooperación... factores importantísimos para conseguir unha calidade educativa necesaria nesta sociedade na cal se están perdendo os valores fundamentais.	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación para un consumo responsable. Trátase de que o alumnado adquiren valores de consumo responsable e innecesario, coñezan as consecuencias dun consumo excesivo que se pode evitar, e buscar solucións a dito consumo excesivo que favorezca o coidado do entorno e da sociedade na que estamos inmersos.	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación afectivo - sexual. Coñecerse a sí mesmo/a e aprender a quererse tal como un/ha é, é o primeiro paso para aceptarse na sociedade, coñecendo os diversos aspectos relacionados coa sexualidade e diferenzas que temos uns con outros.	X	X	X	X	X	X



	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.7 - Educación emocional. O traballo das emocións é fundamental para que os nenos e nenas consigan resultados tanto educativos, como pedagóxicos, mentais e de relación social apropiados que lles permitan xestionar as súas emocións e adquirir ferramentas para resolver e solucionar calquera tipo de frustración ou obstáculo que se poda atopar na súa vida.	X	X	X	X	X	X

**Observacións:**

En toda a etapa de educación infantil traballarase todos os elementos transversais de xeito combinado e globalizado en todas e cada unha das unidades didácticas levadas a cabo durante todo o curso académico.

**7.2. Actividades complementarias**

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas e visitas.	Todas as saídas e visitas están recollidas na PXA do centro.	X	X	X
Conmemoracións.	Todas as conmemoracións do curso atópanse recollidas na PXA do centro.	X	X	X
Celebracións.	De aniversarios, do Magosto (nun monte preto do centro), do Nadal, do Entroido...Todas elas recollidas na PXA do centro.	X	X	X

**Observacións:**

As actividades complementarias levaranse a cabo tanto en pequeno grupo como en gran grupo ou en macro grupo, nunha xornada de convivencia con todo o alumnado do centro.

**8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro**

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
As actividades deseñadas son adecuadas ao alumnado, e promover o desenvolvemento de diferentes capacidades.
Os instrumentos de avaliación son adaptados e adecuados.
O material é diverso e adecuado ás tarefas e ás actividades propostas.

<b>Metodoloxía empregada</b>
A metodoloxía empregada é acorde ás necesidades e características do grupo.
A organización do tempo adáptase ás características do alumnado e ao funcionamento da aula.
<b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>
A organización dos recunchos, dos materiais e dos tempos promove a autonomía do alumnado.
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
Contémplase o DUA no deseño das actividades e tarefas.
<b>Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais</b>
Existe coordinación co equipo docente.
Promóvese a participación da familia.

**Descrición:**

É fundamental levar a cabo unha avaliación da propia práctica docente para poder adaptar, reorientar e reaxustar o proceso de ensino - aprendizaxe ás características individuais do alumnado e do grupo no seu conxunto.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

En cada unidade didáctica/proxecto avaliarase todo o proceso docente, as actividades/tarefas/propostas realizadas, as dificultades atopadas e as posibles adaptacións que se tiveron que levar a cabo durante o seu desenvolvemento. Proporanse propostas de mellora, como pode ser a distribución do tempo á hora de realizar a actividade proposta, a súa dificultade tendo en conta as características de cada alumno/a, os materiais ou a metodoloxía empregada, entre outros aspectos. Haberá un seguimento a través da aplicación PROENS, así como dende a coordinación de Ciclo en infantil ao rematar cada trimestre.

**9. Outros apartados**